



Contrato de servizos Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0DS	Expediente CON/31/2018	Data Creación: 21-03-19 08:48

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 466.942,15 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de marzo de 2019, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: Dna. Rocío Montañes Fernández, xefa do Servizo de Contratación.
Dna. María Moreno Berguer, xefa do Servizo de Mobilidade e Seguridade.
D. Juan Manuel González Carnero, interventor xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, xefa do Servizo de Asesoría Xurídica.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	12/03/2019	10.834	A48283964 IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE SAU
2	12/03/2019	10.846	B82387770 EVERIS SPAIN SL
3	14/03/2019 (*)	11.266	UTE SCIENCE&INNOVATION LINK OFFICE - RED2RED CONSULTORES, SL

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles a aportan correctamente cumprimentada.

Non obstante, a empresa EVERIS SPAIN SL, declara que con data 26 de xullo de 2018 foi sancionada pola Comisión nacional dos mercados e da competencia, xunto con outras 11 empresas do sector de servizos de desenvolvemento e mantemento de sistemas de aplicacións, invocando posibles prácticas anticompetitivas por vulneración do disposto no artigo 1 da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia e no artigo 101 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Esta sanción, segundo declara, non supón en ningún caso prohibición para contratar coa administración, tendo unicamente a repercusión económica que se deriva da multa que se impón.

Á vista do sinalado, a mesa acorda suspender a apertura dos sobres que conteñen a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, para os efectos de que polo departamento de contratación do Concello se verifique a veracidade do declarado e as súas posibles implicacións nesta

Contrato de servizos Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0DS	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Data Creación:</i> 21-03-19 08:48

licitación. Desta suspensión e dos seus motivos informa o secretario da mesa á representante da empresa EVERIS SPAIN presente para asistir a devandita apertura.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA